

SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS

PERMANENTES DO DÍA 26 DE XANEIRO DE 2010

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e seis de xaneiro de 2010, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva da acta da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 22 de agosto de 2009.

A) Comisión Informativa de Economía, Facenda, Contratación, Patrimonio Municipal e Réxime Interior

Asistentes:

- | | |
|----------------------|--|
| Alcalde- Presidente: | • Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE |
| PSdeG-PSOE: | • Dona Erundina Prado Arcay
• Don Jaime Manuel López Lisnier |
| PP: | • Don Felipe Andreu Barallobre
• Don Nicolás José Cubeiro Martínez
• Don Santiago Manuel Ríos Rama |
| BNG: | • Don Antón Otero Domínguez
• Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo |
| EU-IU: | • Don Luis Miguel Taibo Casás |
| GM (PG): | • Don Manuel Marante Gómez |

Non asisten, con escusa, dona Carmen Tato Lago, do PSdeG-PSOE, e dona Mª Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora.

B) Comisión Informativa de Urbanismo, Seguridade Cidadá e Transportes

Asistentes:

- | | |
|---------------------|--|
| Alcalde-Presidente: | • Don Antonio Varela Saavedra, do PSdeG-PSOE |
| PSdeG-PSOE: | • Don Jaime Manuel López Lisnier |
| PP: | • Don Nicolás José Cubeiro Martínez
• Don Felipe Andreu Barallobre
• Dona Goretti Pérez Eléxpuru |
| BNG: | • Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo
• Don Antón Otero Domínguez |
| EU-IU: | • Don Luis Miguel Taibo Casás |
| GM (PG): | • Don Manuel Marante Gómez |

Non asiste, con escusa, dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

C) Comisión Informativa de Medio Ambiente, Obras e Servizos

Asistentes:

- | | |
|-------------|--|
| Presidente: | • Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG |
| PSdeG-PSOE: | • Dona Erundina Prado Arcay
• Don Jaime Manuel López Lisnier |
| PP: | • Don Santiago Manuel Ríos Rama
• Don Nicolás José Cubeiro Martínez
• Don Felipe Andreu Barallobre |
| BNG: | • Dona Gumersinda Becerra Montes |
| EU-IU: | • Don Luis Miguel Taibo Casás |
| GM (PG): | • Don Manuel Marante Gómez |

Non asiste, con escusa, dona Carmen Tato Lago, do PSdeG-PSOE, nin dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

D) Comisión Informativa de Educación, Deportes, Cultura, Benestar Social e Normalización Lingüística

Asistentes:

- | | |
|-------------|---|
| Presidente: | • Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE |
| PSdeG-PSOE: | • Dona Erundina Prado Arcay |
| PP: | • Dona Goretti Pérez Eléxpuru
• Dona M ^a Jesús González Roel
• Dona M ^a Jesús Vieites Mariñas |
| BNG: | • Dona Gumersinda Becerra Montes
• Don Antón Otero Domínguez |
| EU-IU: | • Don Juan Antonio Fernández López |
| GM (PG): | • Don Manuel Marante Gómez |

Non asisten, con escusa, dona Carmen Tato Lago, do PSdeG-PSOE, nin dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

E) Comisión Informativa de Participación Cidadá, Igualdade e Turismo

Asistentes:

- | | |
|-------------|---|
| Presidente: | • Dona Laura Fernández Martínez, do BNG |
| PSdeG-PSOE: | • Dona Erundina Prado Arcay |
| PP: | • Dona M ^a Jesús Vieites Mariñas
• Dona Goretti Pérez Eléxpuru
• Don José Antonio Baamonde López |
| BNG: | • Don Antón Otero Domínguez |
| EU-IU: | • Don Juan Antonio Fernández López |

GM (PG): • Don Manuel Marante Gómez

Non asisten, con escusa, dona Carmen Tato Lago, do PSdeG-PSOE, nin dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Asiste, como secretaria, dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTRATACIÓN,
PATRIMONIO MUNICIPAL E RÉXIME INTERIOR**

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 26 de outubro de 2009, á sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2009, e á sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 29 de decembro de 2009

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da comisión informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión extraordinaria do día 26 de outubro de 2009, á sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2009, e á sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 29 de decembro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, por unanimidade dos nove concelleiros compoñentes da comisión informativa, asistentes á sesión, aprobáronse os citados borradores.

2º Rogos e preguntas

Rogo de EU-IU presentado por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 795 o día 23 de xaneiro de 2010, xunto co resto dos rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

1º Sobre a información das xuntanzas do Consorcio das Mariñas. Ultimamente no Consorcio das Mariñas estanse tratando temas de especial interese que afectan de xeito directo ao noso concello: a ampliación do aeroporto, a recuperación da ría do Burgo, ou a

creación da área metropolitana. Tendo en conta a importancia dos asuntos e a carencia de información proporcionada por parte do goberno:

O noso grupo prega que por parte dos representantes que acuden ás xuntanzas do Consorcio se nos facilite puntual e periodicamente toda a información sobre os temas tratados.

O Sr. alcalde contesta que, a partir de agora, quedouse co xerente en que todos os meses manden a convocatoria e que lles dará unha copia a todos os grupos.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, di que hai cousas que se están tratando e que ao mellor no punto de Informes de Alcaldía se podería dar coñecemento, informes sobre todo de cuestións que se tratan no pleno, como o tema da ría do Burgo, do cal non se deu información.

O Sr. alcalde di que van mandar todas as actas e non haberá problema en fotocopialas se son pequenas.

Non se presentaron preguntas por escrito.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO, SEGURIDADE CIDADÁ E TRANSPORTES

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2009, e á sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 29 de decembro de 2009

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da comisión informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2009, e á sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 29 de decembro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a comisión, por unanimidade dos nove concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º Aprobación, se procede, da revisión de tarifas do servizo urbano de transporte en auto-taxi do Concello de Cambre

Vista a proposta de Alcaldía de data 20 de xaneiro de 2010.

O Sr. alcalde explica a proposta presentada e di que se trata de subir o IPC en todos os conceptos, menos na baixada de bandeira e no suplemento do aeroporto.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, manifesta que se é así a subida do IPC, entón o seu grupo vota a prol.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os dous concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros do PP, os dous concelleiros do BNG, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A comisión, por unanimidade dos nove concelleiros presentes, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordos a adoptar ao pleno da corporación:

Primeiro: Informar favorablemente a revisión das tarifas de auto-taxis de Cambre para o ano 2010, cos seguintes resultados, IVE do 7% incluído:

Tarifa diurna (aplicable os días laborais dende as 06:00 horas ata as 22:00 horas e os sábados dende as 06:00 ata as 16:00 horas).

- Baixada de bandeira	1,42 euros
- Quilómetro percorrido	1,02 euros
- Hora de espera	17,09 euros
- Contía mínima	3,25 euros

Tarifa nocturna (aplicable en días laborais dende as 22:00 horas ata as 6:00 horas, os sábados dende as 16:00 horas, domingos, festivos, así como os días 24 e 31 de decembro as 24 horas).

- Baixada de bandeira	1,64 euros
- Quilómetro percorrido	1,26 euros
- Hora de espera	21,29 euros
- Contía mínima	3,98 euros

Suplementos

- Por servizos con saída ao aeroporto de Alvedro (inclúe ocupación do maleteiro)	3,40 euros
--	------------

Segundo: Publicar o correspondente anuncio no taboleiro de anuncios do concello, co fin de que durante o prazo de dez días a contar dende o seguinte ao da publicación, poidan presentarse cantas alegacións se estimen oportunas, atopándose o expediente a disposición dos interesados, no primeiro andar do concello, servizo de auto-taxis.

Terceiro: No suposto de que non se presenten alegacións, entenderase elevado a definitivo o acordo de revisión das tarifas e remitirase o expediente á Comisión de Prezos de Galicia, solicitando o correspondente informe favorable para a súa posterior aprobación pola Dirección Xeral de Comercio da Consellería de Economía e Industria.

3º Proposta de nomeamento de membros da Comisión para o deslinde cos concellos de Carral e Culleredo

Vista a proposta de Alcaldía do día 22 de xaneiro de 2010.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, manifesta que no relacionado coas dúas persoas de avanzada idade ás que fai referencia a lei, suponse que deberán estar empadroadas dende fai anos e que deben vivir na zona.

O Sr. alcalde contesa que ese é o criterio que van seguir.

4º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2009, e á sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 29 de decembro de 2009

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da comisión informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2009, e á sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 29 de decembro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a comisión, por unanimidade dos nove

concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º Rogos e preguntas

Rogos do EU-IU presentados por escrito

Rexistrado de entrada ao núm. 795 o día 23 de xaneiro de 2010, xunto co resto dos rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

1º Sobre plantas e sebes en lugares perigosos que reducen a visibilidade. O noso grupo observou e así o ten exposto, que nalgúns lugares de interseccións de rúas e pasos de peóns, existen plantas e sebes de distinto tipo que impiden unha boa visión de condutores e peóns, dificultando as manobras e creando obstáculos do campo visual, o que ten producido máis dun desgusto.

Entendemos que a vexetación debe estar naquelas zonas en que a súa presenza non sexa molesta, e moito menos perigosa, entendendo que non é difícil a solución do problema se hai vontade de resolvelo.

O noso grupo prega unha vez máis, se retire ou poden os elementos mencionados co fin de facilitar unha maior visibilidade e seguridade.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que fala de varios. Respecto do da igrexa de Cambre, a empresa de xardinería podou todo o máis que se podía. Coa poda mellorouse bastante a visibilidade, e despois xa se verá co proxecto do campo da feira que se presente.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, di que algo se mellorou, pero que aínda é dificultoso. Na zona de Amil, onde está a cruz, suprimíuse un trozo de estrada e hai unhas árbores plantadas.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que están agora podando, e que se mirará.

Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que na rúa Tapia, nos pasos de peóns é onde puxeron as plantas máis altas e agora, se vai un neno, non se ve.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que, efectivamente, os elementos de altura poden dificultar a visibilidade. Di que o mirará.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que no paso de peóns fronte ao Porto Faro hai que poñerse no paso de peóns, porque se impide a visibilidade, aínda que iso é privado.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 795 o día 23 de xaneiro de 2010, xunto cos rogos e preguntas presentados para as comisións informativas.

1ª Co obxectivo de mellorar a seguridade viaria nas estradas do concello, no mes de outubro informábase á cidadanía por parte do responsable da área, da elaboración dun estudo para ver as posibles solucións de eliminación dos puntos negros na Volta das Carrozas, contemplando diversas alternativas de actuación.

Poden informarnos da situación do estudo ou da existencia dalgún proxecto, para a mellora da situación de perigo no mencionado lugar?

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, di que xa se informou por don Henrique Xabier Iglesias de como se vai intentar arranxar este problema de acceso.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que hai unha pequena memoria valorada e un plano, e que se fará un proxecto. Se o desexa, facilitarase unha copia.

Dona Mª Jesús González Roel, do PP, pide que se lle facilite tamén a copia ao seu grupo.

2ª Con data de 23 de outubro un veciño da rúa Freixo, presentaba un escrito sobre o mal estado do vial onde se fai difícil a circulación pola invasión de vexetación, provocando tamén o atoamento dos sumidoiros.

Que medidas se teñen adoptado ou pensan adoptar para corrixir esta deficiencia?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que teñen razón, había un escrito e pasouse para que se fíxese, pero non se fixo. Agora xa está feito.

3ª Tamén nas inmediación do lugar anterior (rúa Outeiro, Penouviña), o noso grupo solicitaba se dotara de puntos de iluminación pública pola carencia deles, sendo este vial de abundante circulación.

Poden informarnos se se ten realizado algún estudo ou proxecto para instalación dos puntos de luz no lugar mencionado?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a raíz de que comentaron ese tema, foi a mirar e hai solicitudes de puntos de luz, e está entre eles este tema. Di que está anotado xunto con outras 24 solicitudes, e que se van meter todos nun proxecto cos correspondentes informes de viabilidade.

Conclúe dicindo que, de todas formas, ata a fonte está iluminado, e despois xa non ten moito tránsito.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, di que pasa moita xente de Bellavista e Penouviña que veñen ao super de Cela.

4ª O noso grupo xa ten preguntado sobre a execución dos proxectos do FEIL do 2009, informándonos sobre a práctica totalidade do rematae das obras.

Poden informarnos dos problemas ou impedimentos para que a fonte e lavadoiro do Carballo (que semella estar rematada) siga sen prestar servizo aos veciños/as?

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que xa estaba terminada daquela, e que a previsión era que se abriera ao pasar as festas de Nadal, pero que en Alvac, que foi a empresa que a fixo, estiveron de vacacións ata o 11 deste mes, e non se deron conta. Abrirase esta semana.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que tamén preguntaba polo local de Meixigo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que está en tramitación polas altas de Fenosa, e que algunhas solicitudes de tramitación levan de 2 a 4 meses.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, DEPORTES, CULTURA,
BENESTAR SOCIAL E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2009, e á sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 29 de decembro de 2009

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da comisión informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2009, e á sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 29 de decembro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a comisión, por unanimidade dos nove concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ, IGUALDADE E

TURISMO

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2009, e á sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 29 de decembro de 2009

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da comisión informativa ten algunha observación que formular aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 24 de novembro de 2009, e á sesión ordinaria do día 21 de decembro de 2009, con carácter supletorio da correspondente ao día 29 de decembro de 2009.

Non se formula ningunha observación polo que, a comisión, por unanimidade dos nove concelleiros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º Rogos e preguntas

Non se presentaron rogos nin preguntas por escrito.

Preguntas presentadas de forma verbal polo grupo de EU-IU

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, pregunta polo tema do diñeiro que se vai destinar a Haití, e como se vai facer.

O Sr. alcalde contesta que hai unha conta aberta en Caixa Galicia e que a xente ingresará o que queira, e o concello tamén o fará. Di que se fará unha proposta para incluír unha partida no orzamento para ese tema.

En relación con este tema don Antón Otero Domínguez, do BNG, informa que os voluntarios de Cambre van a facer un mercadillo nos dous días de feira do mes de febreiro. Tamén se van colocar carteis para dar publicidade do número de conta, e vaise facer unha

velada solidaria con monologistas de Galicia, o 27 de febreiro, sen custo ningún para o concello.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte horas e trinta minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Economía, Facenda, Contratación,
Patrimonio Municipal e Réxime Interior

Presidente da Comisión Informativa de
Urbanismo, Seguridade Cidadá e
Transportes

Antonio Varela Saavedra

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de
Medio Ambiente, Obras e Servizos

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Deportes, Cultura, Benestar
Social e Normalización Lingüística

Henrique Xabier Iglesias Oviedo

Jaime Manuel López Lisnier

Presidente da Comisión Informativa de
Participación Cidadá, Igualdade e
Turismo

A secretaria xeral

Laura Fernández Martínez

Mª Luisa de la Red Ampudia